



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada

DECANOS/DIRECTORES:

Alén González, Elisa
Araújo Nespereira, Pedro A.
Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
García Fontán, Soledad
Gutiérrez Nieto, Manuel
Noia Campos, M^a Camiño
Pou Saracho, Juan María
Suárez Pazos, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulía
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pino Juste, Margarita

PDI-B:

Gil Villanueva, José María

ESTUDANTES:

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

López Díaz, María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de xullo de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na sala de xuntas da Reitoría.

O xoves día **21 de xullo de 2011**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2009 e 2010.
4. Aprobación, se procede, da reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado na Universidade de Vigo.
5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.
6. Aprobación, se procede, da Normativa de libre mobilidade na Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 8 do Regulamento da colación do Grao de Licenciado na Facultade de Dereito de Ourense.
8. Aprobación, se procede, da proposta do Consello de Goberno ao Consello Social da aceptación da doazón de D. Vicente Rodríguez Gracia.
9. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Enxeñería de Recursos Naturais e Medio Ambiente da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. José Manuel Silva Rodríguez.
10. Aprobación, se procede, dos recursos presentados por D. José Luís Romaní Martínez e outros e D. Claudio Cerdeiriña contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias de Ourense de data 25 marzo de 2011.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Nacional de Trujillo (Perú), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Nacional de Investigación y Desarrollo Pesquero (INIDEP) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Estadual do Oeste do Paraná-Unioeste – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Estadual do Oeste do Paraná-Unioeste (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de

Vigo e a Universidad de León – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Federal da Integração Latino Americana-UNILA – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Federal da Integração Latino Americana-UNILA para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Anáhuac, México Norte – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Anáhuac, México Norte para o intercambio de estudantes – Convenio entre a Universidad de Miami, EE.UU. e a Universidade de Vigo, España.

12. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para dar a benvida aos novos membros de Consello de Goberno: a Pr^{fa} Soledad García Fontán (decana da Facultade de Química) e o Prof. Juan Pou Saracho (director da Escola de Enxeñaría Industrial). Seguidamente, felicita publicamente ao exreitor o Prof. Luis Espada por ser condecorado pola Xunta de Galicia o pasado 28 de xuño coa Medalla Castelao.

Continúa informando sobre os aspectos máis relevantes da última reunión do Consejo de Universidades.

a) Referencia, en primeiro lugar, o incremento do número de estudantes que sitúa nun 9% respecto ao pasado curso académico.

b) Respecto ao borrador do Estatuto de PDI, sinala que aínda que non se presentou na pasada reunión unha memoria económica, o ministro anunciou que hai vontade política de impulsalo; que está previsto que a finais de xullo irá a unha “comisión mixta” e en setembro presentarase no Consejo de Universidades coa memoria económica.

c) Respecto ao real decreto de centros e estruturas: que haberá un primeiro borrador en setembro. Que a intención é levalo ao Consejo de Ministros antes de fin de ano. Este decreto afecta á estrutura académica dunha forma global e fundamentalmente a centros e departamentos.

d) Respecto de másteres universitarios de excelencia, que aínda falta debate pero se estima necesaria e urxente a convocatoria. Irá á Comisión Permanente.

e) Respecto das prácticas externas, que hai un borrador do real decreto de prácticas externas.

f) Linguas estranxeiras nas PAU: que haberá unha acreditación en lugar de proba. Estudiarase onde e cando se fai esa acreditación. Cabe a posibilidade de facelo nos centros de secundaria.

O reitor dá conta dos acontecementos máis relevantes sucedidos na Universidade de Vigo desde o último Consello de Goberno. Destaca que o pasado 18 de xullo tivo lugar a inauguración do CITE XVI. A inauguración do centro contou coa presenza da Ministra de Ciencia e Innovación Dña. Cristina Garmendia e co Presidente da Xunta de Galicia, así como outros altos cargos. O reitor sinalou que a participación no CITE XVI supón un salto cualitativo para a nosa universidade pois permite conectar a investigación académica coas necesidades do sector produtivo.

Tamén informa dos últimos nomeamentos realizados polo Consello Reitor do Campus do Mar para facerse cargo das comisións executivas de área do Campus do Mar (investigación, transferencia, internacionalización, docencia e captación de talento, proxección social e cultura científica) que figuran no **Anexo I**. O reitor sinala que periodicamente se informará ao Consello de Goberno.

En relación á intervención realizada polo Prof. Luis Muñoz na sesión do Consello de Goberno de 29 de marzo de 2011, no apartado rogos e preguntas, dando conta dunha incidencia relativa a publicacións de investigadores da Universidade de Vigo, o reitor informa das actuacións levadas a cabo pola Comisión de Investigación, comisión delegada do Consello de Goberno. O reitor dá a palabra á vicerreitora de Investigación quen procede a dar lectura ao informe elaborado pola citada comisión, dando conta aos asistentes do procedemento seguido e as conclusións alcanzadas polos membros da comisión. Dito informe recóllese no **Anexo II**.

Non habendo preguntas nin petición de aclaracións sobre o informe o reitor expón os resultados da convocatoria de mención cara a excelencia de programas de doutoramento (curso 2010/11). Presentáronse 31 programas de doutoramento, dos que 25 obtiveron informe favorable na fase de avaliación de ANECA. Sinala que 14 son programas propios; 8 son programas interuniversitarios coordinados por outras universidades; 3 son programas interuniversitarios coordinados pola Universidade de Vigo. Igualmente que: 8 son do ámbito científico (todos os que se presentaron); 3 son do ámbito humanístico (todos os que se presentaron); 11 son do ámbito tecnolóxico (todos os que se presentaron) e 3 son do ámbito xurídico social (3 de 8).

Engade o reitor que este é o resultado da primeira fase. Queda unha segunda por ámbitos, na que se concede a mención cara a excelencia (trátase dunha fase nova, na última convocatoria era suficiente coa primeira fase).

Punto 3. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da produción de investigación aplicables aos méritos correspondentes aos anos 2009 e 2010.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen comeza a súa intervención resaltando a importancia da investigación como un dos eidos fundamentais da actividade na universidade, e que a axeitada avaliación pode ser unha ferramenta para a incentivación da devandita actividade e a definición e fortalecemento das liñas extratécnicas das institucións. Continúa dicindo que ao longo dos anos foron empregándose distintos baremos para a avaliación da produción científica, que se foron adaptando á situación xeral da universidade e do contorno socioeconómico. Na actualidade o desenvolvemento da investigación no contexto

autonómico, nacional e internacional e a implantación de indicadores de actividades de I+D+i fan necesaria a revisión do baremo actual. Adianta que a Universidade de Vigo avaliará as actividades investigadoras medinte dous tipos de indicadores complementarios entre eles (producción de investigación e produción de transferencia). O que se presenta é a aprobación dos criterios de avaliación da produción de investigación. Antes de dar lectura aos criterios xerais subliña que o procedemento tende á máxima transparencia, garantindo a posibilidade de que os investigadores e investigadoras coñezan a valoración da súa produción e poidan presentar as correspondentes reclamacións cando fora necesario. Resume as cuestións máis relevantes dos criterios xerais e os criterios específicos establecidos en función da natureza da publicación. Finaliza informando que os criterios que se someten a aprobación foron aprobados na Comisión de Investigación celebrada o 12 de xullo de 2011.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén a Prof^a Camiño Noia para opinar que os criterios de clasificación de artigos publicados en revistas prexudican ao ámbito humanístico. Pon como exemplo a variación que experimentaríase a clasificación da revista Verba se empleara o sistema de clasificación CIRC. Roga que se utilice os criterios CIRC.

Intervén o Prof. Pedro Arias para dicir que na súa opinión non se aprecian cambios substanciais respecto dos criterios manexados previamente, salvo que, aprecia unha ponderación de determinados ámbitos de coñecemento. Alega que non cuestiona nin discute os mecanismos empregados, pero considera que hai outros ámbitos que por ser minoritarios tamén deben ser fomentados.

Intervén o reitor para explicar os obxectivos aos que responde o procedemento da valoración da produción científica. Sinala que o principal é promover as actividades que dan prestixio e que atraen recursos para a Universidade de Vigo e que estes recursos están en función de indicadores e que cumprilos é un requirimento para mellorar a competitividade. Que os criterios de avaliación por transferencia de coñecemento serán presentados en outono no Consello de Goberno. Engade que é consciente de que hai un rogo da CIG para que se inclúa entre os criterios de clasificación a base de datos CIRC, pero que non procede este debate na presente sesión do Consello de Goberno e que a valoración da súa acollida é competencia da Comisión de Investigación.

Intervén a vicerreitora de Investigación que, en resposta á pregunta da Prof^a Camiño Noia, sinala que a base de datos CIRC é unha base recente sen demasiado rodaxe e que aínda está nos seus inicios, que no futuro é posible que sexa de utilidade. Engade que a valoración dos diversos ámbitos foi moi debatida na Comisión de Investigación. Que finalmente se acordou utilizar uns criterios de aceptación xeneralizada tendo en conta as particularidades dos diversos ámbitos de coñecemento e que están indicados na convocatoria.

O reitor engade que se irán dando pasos en procura dunha mellora continuada.

Intervén o Prof Pedro Arias para opinar que se dan solucións parciais que acaban intitucionalizándose, e que como representante do ámbito tecnolóxico non está de acordo cos criterios propostos.

Sométese a votación:

Votos a favor: 30.

Votos en contra: 1.

Abstencións: 3.

Engádense á acta como **Anexo III** os criterios de avaliación aprobados por maioría.

Punto 4. Aprobación, se procede, da reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións quen sinala que no Consello de Goberno de 9 de maio de 2005 se aprobou un plan de medidas facilitadoras para a xubilación voluntaria dos profesores dos corpos docentes. Conforme ao devandito plan, as condicións para que o profesorado en servizo activo puidera acollerse a ese plan reducíanse ao cumprimento das condicións e requisitos esixidos na lexislación vixente e que, o profesorado funcionario que se acollera a estas medidas, tiña garantida ata a idade da xubilación forzosa (70 anos) os haberes que percibía como profesora ou profesor no ano en que se acollía ao plan (excepto os derivados do cargo académico). Continúa dicindo que os plans de xubilación voluntaria foron aprobados en todas as universidades españolas como un mecanismo para a renovación de cadros do persoal docente e investigador nun momento de bonanza económica. Que a situación económica cambiou de xeito substancial e esixen un axuste e unha disciplina financeira máis rigorosa que en anos precedentes. En consecuencia, é o momento de redefinir as medidas aplicadas ata agora. Ao anterior engade, que se aprobou unha reforma do sistema de pensións que endurece as condicións para o acceso á pensión completa, por canto se esixen máis anos de cotización. Polo tanto, o que se trae é a aprobación dun plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria que diminúa a achega que fai a Universidade. A proposta é manter un plan de prexubilacións similar ao actual pero reformulando algúns aspectos: o acceso ao plan só será posible cando os interesados teñan cumpridos os 63 anos e a partir de aí a porcentaxe que recibirá cada profesor da universidade dependerá da idade na que se acolla ao plan, variando a porcentaxe desde o 80% se accede ao plan con 63 ou 64 anos ata un 90% se cando accede ao plan xa ten cumpridos os 69 anos.

A proposta foi debatida e consensuada na mesa do PDI, onde se fixo constar o desexo de que este plan non se renove cada ano e teña certa estabilidade sempre que as condicións legais o permitan.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira, quen considera que este plan é drasticamente diferente do anterior e di que se trata dun parche. Anuncia a súa abstención na votación e sinala que o plan de prexubilacións ten que ir acompañado dun plan de axuste.

Intervén o Sr. Xan Cebro para sinalar que non ignora a actual situación económica, pero informa que o plan de prexubilacións se financia con arranxo á partida de acción social (Capítulo I), que sae da bolsa de todos os colectivos.

Intervén o Sr. Luis Pérez para solicitar que o plan de prexubilacións saia da Acción Social porque financia un acordo para o PDI funcionario e que de aplicarse se faga con criterios laborais, sociais e de racionalidade. Anuncia a súa abstención na votación.

Intervén a Prof^a Camiño Noia para expor as razóns que ao seu xuízo xustifican a existencia do plan de prexubilacións para o PDI.

Procédese á votación:

Votos a favor: 30.

Votos en contra: 0.

Abstencións: 6.

Apróbase por maioría a reforma do plan que figura no **Anexo IV**.

Punto 5. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria, quen expón que o que se trae a aprobación é a modificación do art. 2.4 da Normativa de recoñecemento de créditos por actividades de voluntariado. De acordo coa nova redacción do punto 4 incrementase o recoñecemento por actividades de voluntariado, xa que, se autoriza a recoñecer 1 ECTS por cada 30 horas de formación en temas de solidariedade e cooperación ata un máximo de 2 ECTS por curso académico.

No que se refire ao recoñecemento de créditos por actividades culturais propón modificar o punto 2.a do anexo da normativa, de modo que onde di “2 ECTS por curso académico” debe dicir “1,5 ECTS por cuatrimestre. Por último, propón que as reformas que se aproben para as titulacións de grao sexan tamén de aplicación para o resto das titulacións nas que se contabilizan créditos de libre elección. Remata a súa intervención informando que a proposta de reforma foi aprobada pola Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes celebrada o 30 de maio de 2011.

Apróbase por asentimento as modificacións que constan no **Anexo V**.

Punto 6. Aprobación, se procede, da Normativa de libre mobilidade na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Relacións Internacionais quen sinala que a normativa que se somete a probación sitúase no ámbito do obxectivo xeral de desenvolvemento de internacionalización da universidade, potenciando a mobilidade internacional dos seus estudantes, apoiando o proceso de iniciativas individuais dos estudantes e facilitando vías de mobilidade adicional ás que emanan de programas, acordos ou

convenios establecidos pola universidade. O vicerreitor fai énfase en que se trata de dar soporte normativo a algo que cada vez ten máis demanda. Tras expor as principais liñas da normativa e as condicións para alcanzar o estatuto de estudante de libre mobilidade, informa que a convocatoria estará aberta de xeito permanente.

Pide a palabra o Prof. Enrique Barreiro para dicir que, en relación ao art. 2.d da normativa, o responsable da supervisión e de dar a conformidade para realizar os estudos que se solicitan debe ser competencia do centro e non do responsable de relacións internacionais.

O vicerreitor responde que é o centro o responsable, xa que, as atribucións da persoa responsable das relacións internacionais as fixa o centro. A previsión do artigo 2.d establece a orixe da firma de conformidade que perfecciona a solicitude de participación no programa. Termina a súa intervención advertindo que hai unha errata na normativa relativa a unha referencia errónea ao artigo 3 que aparece no artigo 5, que debe ser ao artigo 2 e pide habilitación para corrixila.

Apróbase por asentimento a normativa que figura no **Anexo VI**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 8 do Regulamento da colación do Grao de Licenciado na Facultade de Dereito de Ourense.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que a Xunta de Facultade de Dereito aprobou na reunión de data 15 de outubro de 2002 o proxecto de regulamento da colación do Grao de Licenciado, sendo aprobado polo Consello de Goberno na sesión do 11 de decembro de 2002.

O artigo 8 de dito regulamento di que o tribunal encargado de axuizar a memoria de licenciatura estará integrado por 3 profesores numerarios doutores. A Xunta de Facultade de Dereito, na reunión do día 9 xuño de 2011, aprobou a modificación de dito artigo no senso de que ou tribunal encargado de axuizar a memoria de licenciatura estea integrado por 3 profesores doutores, propoñendo ao Consello de Goberno a aprobación de dita modificación.

Apróbase por asentimento a modificación que figura no **Anexo VII**.

Punto 8. Aprobación, se procede, da proposta do Consello de Goberno ao Consello Social da aceptación da doazón de D. Vicente Rodríguez Gracia.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia de Coñecemento do Campus de Ourense, quen expón que, con arranxo ao art. 4 da Lei de 1/2003 de 9 de maio de Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia e o art. 3.h do regulamento que regula a súa organización e funcionamento na Universidade de Vigo, corresponde ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, a aceptación por parte da Universidade de herdanzas, doazóns e legados. O que somete a aprobación é a proposta dirixida ao Consello Social para que acepte a doazón realizada por parte de D. Vicente Rodríguez Gracia. A vicerreitora sinala que a doazón constituirá o xerme do futuro “Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade” que se situará de forma permanente na cidade de Ourense. A vicerreitora resume aos asistentes o material obxecto da doazón e que está formada fundamentalmete por un herbario que inclúe 25.000 pregos con exemplares

vexetais e diversas coleccións (insectos, moluscos, fósiles, rocas, minerais, froitos secos, sementes, etc.). A vicerreitora subliña que se trata dunha colección de incalculable valor nun campo estratéxico para a Universidade de Vigo, como son as ciencias ambientais. Continúa facendo referencia á prestixiosa traxectoria profesional e académica do doante D. Vicente Rodríguez Gracia quen, no caso de que o Consello Social lle acepte a doazón, será nomeado de forma vitalicia “conservador” do “Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade”. A aceptación da colección terá como obxectivo a promoción da investigación e divulgación científica da biodiversidade.

Intervén o Sr. Luis Pérez para dicir que non está de acordo coa localización provisional na biblioteca do Campus de Ourense.

Apróbase por asentimento elevar a proposta de aceptación da doazón de D. Vicente Rodríguez Gracia ao Consello Social.

Punto 9. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Enxeñaría de Recursos Naturais e Medio Ambiente da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” a D. José Manuel Silva Rodríguez.

O reitor expón que o art. 1 da Normativa para a concesión do título de doutor/a honoris causa establece que “se poderá adxudicar o grao de *Doutor Honoris Causa* a persoas que destaquen non eido da investigación e da docencia, no cultivo das Artes e das Letras ou ben naquelas actividades con repercusión notoria dende ou punto de vista tecnolóxico e social de Galicia e do mundo en xeral.”

Continúa dicindo que o punto 2 da normativa establece que “a proposta para a concesión do grao pode ser realizada por un ou varios departamentos dos existentes na Universidade de Vigo, sempre que o Consello de Departamento acade o informe favorable da metade máis un dos seus membros e consiga o aval, polo menos, de 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento do que se trate.”

E que o art. 4 establece que a proposta, previo informe favorable do centro ou centros correspondentes, será elevada ao Consello de Goberno para súa aprobación, se procede, por unha maioría cualificada dos 3/5 dos presentes.

O reitor expón que, na proposta de nomeamento de D. José Manuel Silva Rodríguez como doutor honoris causa, cumpríronse todos os requisitos que establece a normativa e que todos os membros do Consello de Goberno teñen a documentación, o curriculum do candidato e memoria razoada que fundamenta os méritos do candidato e as adhesións dos 10 departamentos do ámbito tecnolóxico e dos centros con titulacións do mesmo ámbito (Escola de Enxeñaría Informática, Escola de Minas, Escola de Telecomunicacións, Facultade de Ciencias, Escola de Enxeñaría Técnica Industrial e Escola de Enxeñaría Forestal).

A continuación cédese a palabra ao Prof. Henrique Lorenzo Cimadevila, director do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais, para expoñer o curriculum do candidato proposto.

O Prof. Henrique Lorenzo comeza por destacar que, aínda que o currículum de D. José Manuel Silva Rodríguez é moi amplo, actualmente é director xeral de Agricultura da Unión Europea, e antes director xeral de Investigación (2006-2010). Entre outros méritos foi o principal responsable da implantación, desenvolvemento e xestión do 7º Programa Marco da Unión Europea. Que os grandes logros alcanzados por D. José Manuel Silva, desde que foi nomeado funcionario da Unión Europea no ano 1986, principalmente fan referencia á creación de diferentes mecanismos de impulso da transferencia, a potenciación das relacións entre Universidade-Empresa e o seu apoio decidido á I+D empresarial nas pemes. O Prof. Henrique Lorenzo finaliza a súa exposición facendo énfase en defender o nomeamento de D. Jose Manuel Silva Rodríguez como doutor honoris causa pola Universidade de Vigo por ser “un europeísta convencido, un defensor da libre circulación do coñecemento, apostando polo establecemento de programas que potencien a circulación de investigadores, profesores e estudantes mediante a creación do Espazo Europeo de Investigación”.

Apróbase por asentimento.

O reitor informa que a cerimonia de investidura se realizará coincidindo co acto académico de Santo Tomás de Aquino.

Punto 10. Aprobación, se procede, dos recursos presentados por D. José Luís Romani Martínez e outros e D. Claudio Cerdeiriña contra o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias de Ourense de data 25 marzo de 2011.

Están invitados o Prof. Luís Romani (non comparece) e o Prof. Claudio Cerdeiriña.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen comeza dicindo que neste punto da orde do día se trata de dar resposta a dous recursos que obedecen ao mesmo obxecto de impugnación.

Trátase, en primeiro lugar, do recurso de alzada interposto polo Prof. Romani e outros profesores contra o acordo da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias do campus de Ourense de 16 de febreiro de 2011 sobre repartición de espazos no pavillón de Ciencias de Ourense.

No recurso se impugna e solicita a nulidade do acordo da Comisión Permanente de 16 de febreiro de 2011 polo que se aproba por asentimento, a proposta do decano da Facultade de Ciencias, dunha redistribución de espazos que supón o traslado e recolocación dos despachos que afectan a tres profesores da área de Óptica e Física Aplicada.

O principal motivo do recurso alude á falta de competencia da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias para aprobar a repartición de espazos. Alegan que os arts. 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo e 22 do Regulamento de funcionamento da Xunta de Centro, reservan esta competencia á Xunta de Centro. Expoñense outros motivos que gardan relación co desacordo dos recorrentes e que incumbe á motivación que se expón na acta para xustificar a nova repartición. Achegan como documentación:

1. Convocatoria da Comisión Permanente onde o punto número 2 da orde do día é o relativo á distribución de espazos no Pavillón de Ciencias e o Edificio Politécnico (2/02/2011).

2. Acta da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense de 17 de febreiro de 2011.

Recibido o recurso, desde a Secretaría Xeral solicítase máis información para resolver o recurso e achéganse como documentación:

- Informe do Decano da Facultade de Ciencias de data 5 de abril de 2011, no que se expón as razóns do traslado que figuran expostas na acta da Comisión Permanente e que se fan necesarias para dar mellor servizo ao centro.

Ponse de manifesto que o estudo inicial non foi sorprendente, que foron publicados os planos e os cálculos do espazo na web da Facultade e que o criterio de distribución é o que vén seguindo a Facultade desde a súa creación. Sinalando en último lugar, que a proposta decanal foi exposta e consultada ao director do Departamento.

No mesmo informe faise constar --achégase documentación- que con data de 23 de marzo de 2011 convócase a Xunta de Facultade, na que figura no punto núm. 6 da orde do día a “Aprobación, se procede, da distribución de espazos na Facultade”. Achégase certificación da secretaria da Facultade de Ciencias, que fai constar que o punto 6º da orde do día foi aprobado o día 25 de marzo de 2011 por 41 votos a favor, 5 en contra e 5 brancos.

A acta foi ratificada en Xunta de Facultade de 19 de xullo de 2011 e enviada á Secretaría Xeral.

Con data de rexistro de entrada de 20 de abril de 2011, a práctica totalidade dos profesores que subscriben o anterior recurso elevan novo recurso de alzada contra o acordo de Xunta de Facultade celebrada ou día 25 de marzo de 2011, pola que se aproba a distribución de espazos na Facultade.

Os motivos do seu recurso son en primeiro lugar a invocación de vicios na formalización da convocatoria. E en segundo lugar e, en relación ao fondo do asunto, reiteran e desenvolven en extenso os argumentos expostos no primeiro recurso polo Prof. Luis Romaní co obxecto de por de manifesto os prexuízos que irroga a distribución proxectada á área de Física Aplicada.

Seguidamente a secretaria xeral dá conta do informe da Asesoría Xurídica.

No caso do recurso presentado polo Prof. Luis Romaní Martínez e outros, concorre a súa inadmisión por falta de lexitimación dos recorrentes, xa que, é a Administración a que ten a potestade para organizar os seus propios servizos sen verse limitada pola existencia de dereitos adquiridos dos funcionarios. Neste sentido, o informe recorda a sentenza do T.S. de Xustiza de Murcia 390/2002, que sinala a potestade autoorganizatoria da Administración e que non se pode ver limitada pola existencia de dereitos adquiridos dos funcionarios, limitados pola xurisprudencia aos de contido económico ou aos do contido da función a

realizar, correspondéndolle esta competencia, segundo o artigo 43.k dos Estatutos da Universidade de Vigo, á Xunta de Facultade. Por este motivo debe ser inadmitido o recurso de alzada.

Ademais, tamén decae a controversia xurídica pois, como se expón na certificación da secretaria da Facultade de Ciencias, a proposta debatida na Comisión Permanente foi ratificada pola Xunta de Facultade na sesión de data 25 de marzo de 2011, que é o órgano competente para adoptar dito acordo consonte aos Estatutos da Universidade de Vigo.

Por todo o exposto, o informe da Asesoría Xurídica aconsella que se desestimen os dous recursos e, en coherencia, a proposta que se fai ao Consello de Goberno é a desestimación dos mesmos.

O reitor concede a palabra ao Prof. Claudio Cerdeiriña quen expón minuciosamente as razóns polas que ao seu xuízo debe ser estimado o seu recurso. Sinaladamente alude a:

a) Falta de xustificación da incorporación de dúas novas áreas á Facultade de Ciencias cos seus respectivos profesores.

b) Que o criterio de repartición invocado, “recolocación das áreas afectadas por áreas afíns e do mesmo Departamento”, non se corresponde coa localización proxectada. Xa que, na súa opinión, o Departamento quedaría fraccionado en tres plantas quedando os investigadores apartados dos directores do grupo.

c) Que este criterio non se seguiu con anterioridade noutras reparticións.

Seguidamente dáse a palabra ao Prof. Pedro Araújo, decano da Facultade de Ciencias, quen expón as razóns polas que ao seu xuízo debe ser desestimado.

Tras un pequeno debate a secretaria xeral reitera os argumentos e a proposta de desestimación.

Apróbase a desestimación dos recursos por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Nacional de Trujillo (Perú), para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Nacional de Investigación y Desarrollo Pesquero (INIDEP) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Estadual do Oeste do Paraná-Unioeste – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Estadual do Oeste do Paraná-Unioeste (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de León – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Federal da Integração Latino Americana-UNILA – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Federal da Integração Latino Americana-UNILA para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Anáhuac, México Norte – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España)

e a Universidad Anáhuac, México Norte para o intercambio de estudantes – Convenio entre a Universidad de Miami, EE.UU. e a Universidade de Vigo, España.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Rogos e preguntas.

Intervén o Prof. Enrique Barreiro para solicitar a elaboración dunha normativa xeral de avaliación. O segundo rogo refírese á necesidade de dotar dun servizo para solucionar problemas co mantemento dos computadores.

O vicerreitor de Alumnado, Docencia, e Calidade responde que está de acordo con que a implantación das titulacións precisan dun novo marco normativo en xeral, pero que non é partidario de facer normativas puntuais se non é estritamente necesario; é preferible a elaboración de un documento informativo.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para dicir que intentarase buscar unha saída puntual para a problemática que formula.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para rogar que se cumpra coa carga lectiva mínima de 30 horas por profesor, ten información de que hai profesores que non chegan a ese mínimo de docencia.

Responde a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para dicir que en algúns casos obedece a que hai un número considerable de investigadores (Ramom e Cajal, Parga Pondal, etc). Ademais, dentro desas 30 horas entran tamén as horas impartidas en másteres de carácter investigador.

O Prof. Alejandro Pereira fai o rogo de que se poida consultar directamente o POD e a carga docente de todo o persoal docente da Universidade de Vigo.

Intervén o Sr. Xan Cebro para facer unha protesta polo nomeamento do vicexerente de Recursos Humanos como membro da Comisión de Igualdade. Tamén roga que se dote de persoal administrativo o Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade do Campus de Pontevedra.

Respecto da negociación da proposta de RPT, sinala que carece de documentación e pide unha reflexión sobre as propostas que se fan desde a Xerencia. Ao seu xuízo, a reorganización que se está propondo vai afectar á xestión da Universidade, sinala que é preciso un cambio nas normativas de xestión. Termina facendo un chamamento ao diálogo.

O vicerreitor de Economía di que o equipo de goberno está aberto ao diálogo, pero que a reflexión sobre a reorganización da RPT hai que contextualizala na actual situación económica e que se reflectise na proposta de RPT.

Intervén o reitor para dicir que hai unha primeira reflexión e é que estámonos adiantando a determinados cambios que se van facer na universidade española.

Intervén a Prf^a Edita Lorenzo para rogar que a documentación achegada para o Consello de Goberno se poña a disposición en PDFs diferenciados, atendendo ao número de puntos da orde do día; o procedemento facilita a consulta por separado dos distintos puntos. Continúa expondo fallos nas plataformas Docnet e Xescampus e que desde 2008 non se expide o Suplemento do Título Europeo porque non funciona en Xescampus. Tamén expón o seu malestar con algúns aspectos do calendario escolar.

Intervén o vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade sinalando que Docnet é unha ferramenta que facilita a coordinación e publicación das guías docentes. E que non hai queixas dos estudantes.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación sinalando que, en relación aos problemas de Xescampus, están sendo asumidos con persoal propio. O proceso debería ser avanzar na dirección de ter un programa propio xestionado polo persoal da Universidade. Polo momento hai que ir depurando os problemas, tamén é consciente que a rodaxe no emprego deste tipo de programas permitirá ir arbitrando solucións.

O Prof. Pedro Araújo retira a súa pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 horas do día 21 de xullo de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.



O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral



Ma. Inmaculada Valeije Álvarez